



Fotos:

<https://photos.app.goo.gl/kCmKD2NW5U7PrXEUA>

Día do Sendeirista Galego 2026.

Ruta 13Km do PR-G 162, Ribeira Sacra do Miño.

O roteiro comezará no aparcamento da fervenza de Augacaida e terminará na adega a Cova, cun percorrido dun 13Km lineal, no cal gozaremos dunhas belas vistas e gozaremos dunha fermosa vexetación, onde apreciaremos castiñeiros, carballos, piñeiros, quexigos, piorno, toxo, fento, madreSelva, e todo o relacionado coa viticultura. Descenderemos cara á fervenza, atravesando unha carballeira, entre socalcos, que outrora estaban cultivados, poderemos gozar da beleza deste salto, a continuación subiremos sobre os nosos pasos ata o cruzamento de Marce, onde viraremos á esquerda seguindo a sinalización do PR-G162. Chegamos a Marce, atravesámola, hoxe está case abandonada, seguimos cara ao miradoiro das Marabillas, continuamos para chegar a Míllara, desde aí encamiñámonos a Valboa, a cal atravesaremos para descender á área recreativa e embarcadoiro do catamarán. Seguiremos camiñando subindo e baixando seguindo o relevo da zona e chegaremos a O Carballo, cruzarémola para ascender ata a parroquia de Santo André de Ribeiras de Miño. Seguimos gozando da paisaxe e chegamos a Arxuá última aldea antes de terminar o paseo de hoxe, saímos da aldea e ao pouco de deixala abandonamos o roteiro PR-G e seguimos subindo pola estrada ata a adega da Cova, onde desde o seu miradoiro gozaremos dunha magnífica vista do Cabo do Mundo, espectacular meandro. Aquí na Parillada A Cova faremos o xantar de confraternidade.

Día do Sendeirista Galego 2026

Ruta Ribeira Sacra do Miño.

PR-G 162.

Saída ruta as 10:00h da Fervenza Augacaida.

Aparcamento coches a caron da estrada N120, en Segade, as 9:30h.

Xantar 28€ na parrillada A Cova, Escairon.

Inscripcións ata o 9 de Maio.

Habera autobús para trasladar a saída e máis para recoller os coches o terminar a ruta.

Os buses deberán ser de ata 10m, non collen buses maiores.

Punto onde aparcar.

<https://maps.app.goo.gl/NWYJ1YCjni8smX8ZA>

